



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Os alumnos beneficiarios de Programas Europeos de intercambio recoñéceselles as materias cursadas en Universidades Europeas nos propios currículos dos alumnos conforme o que establezan os oportunos Convenios.

O procedemento establecido para o recoñecemento dos estudos ó amparo do citado Convenio está regulado para a Universidade de Santiago de Compostela en Resolución do 17 de xullo de 1991. Esta Resolución dictouse nun momento no que comenzaba a implantación dos novos planos de estudio e a Universidade de Santiago non se tiña pronunciado sobre a Libre Elección.

Na actualidade para o recoñecemento de Libre Elección requirese que exista un previo Convenio ou Acordo que recoñeza que as actividades alleas á Universidade poidan ser recoñecidas como de Libre Elección.

É un feito frecuente que os alumnos beneficiarios de Programas de intercambio con Universidades estranxeiras, realicen outros estudos ademais dos que figuran no Convenio e posteriormente solicitan o seu recoñecemento como créditos de Libre Elección. Na actualidade o recoñecemento destas materias como Libre Elección non é posible ó carecer de previo recoñecemento da Universidade.

**POR TODO O EXPOSTO E CO OBXECTO DE REALIZAR DITO RECOÑECEMENTO,**

**ESTE RECTORADO RESOLVEU:**

## PRIMEIRO.- LIBRE ELECCIÓN EN PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS DE COLABORACIÓN.-

Os Convenios que a partir da presente Resolución se asinen poderán incluír materias, cursos ou actividades que poidan cursar ou realizar o alumno na Universidade de destino para a seu posterior recoñecemento como Libre Elección.

## SEGUNDO.- RECOÑECEMENTO DE LIBRE ELECCIÓN Á MARXE DO CONVENIO: —

a) **Recoñecemento previo.-** Se nada dixera o Convenio sobre Libre Elección ou se desexara ampliar o conxunto de materias ou actividades recoñecibles como Libre Elección, o Coordinador do Convenio a través do Decanato ou Dirección da Facultade ou Escola proporá á Xunta de Facultade ou Escola os cursos, materias ou actividades que poderán ser cursadas na Universidade de destino para ser recoñecidas como Libre Elección.

b) **Recoñecemento a posteriori.-** Se o alumno realizara cursos ou actividades non recoñecidas no Convenio e non recoñecidas previamente na Xunta de Facultade, poderá solicitar dito recoñecemento á Xunta de Facultade que imparta os estudos que está a realizar.

## TERCEIRO.- ASPECTOS FORMAIS.-

Os Convenios e os Acordos de Xunta de Facultade determinarán exactamente o número de créditos a imputar e a cualificación. Se o alumno realizara cursos ou actividades non cualificables como materias serán cualificados con APTO ou NON APTO.




# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## CUARTO.- EFICACIA DA RESOLUCIÓN.-

As Xuntas de Facultade poderán recoñecer como Libre Elección as materias, cursos ou actividades realizadas polos alumnos e que non estiveran amparadas polos Convenios interuniversitarios de cooperación.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 1997  
O RECTOR,



  
Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN. SR. VICERRECTOR DE  
RELACIONES EXTERIORES, SR. VICERRECTOR DE INVESTIGACIÓN, SR. SECRETARIO  
XERAL, SRES./AS. DECANOS/AS. DIRECTORES/AS., SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO,  
SR. DIRECTOR DO COIE, SERVICIOS INFORMÁTICOS, SRES./AS. XEFES/AS. U.X.AS.